

PROCESO DE ADMISIÓN

CURSO 2024/25

NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN.

- [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.](#)
- [ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación \(códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C\).](#)
- [Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2024-2025.](#)

POSTOS ESCOLARES OFERTADOS EN CADA NIVEL E ETAPA

Educación infantil:

| CURSO | VACANTES |
|---------|----------|
| 3 anos: | 40 |
| 4 anos: | 17 |
| 5 anos: | 0 |

Educación Primaria:

| CURSO | VACANTES |
|-------|----------|
| 1º EP | 0 |
| 2º EP | 2 |
| 3º EP | 0 |
| 4º EP | 0 |
| 5º EP | 1 |
| 6º EP | 0 |

**Destes postos hai que reservar 6 en 4º de Educación Infantil seguindo o indicado no artigo 2.3 da orde do 21 de outubro de 2022 sobre admisión de alumnado.*

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN

Do 1 ao 20 de marzo de 2024, ámbolos dous incluídos.

IMPORTANTE: NOTA INFORMATIVA

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar. Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º. As solicitudes (ED550A e ED550B) presentaranse preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado disponible na aplicación informática admisionlumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionlumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

4º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela. A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMO ALEGADOS

No caso de haber máis solicitudes que prazas, cuestión da que se informará o 21 de marzo no taboleiro de anuncios e na web do centro, o prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo será do 21 de marzo ao 11 de abril, ámbolos dous incluídos.

CALENDARIO E PRAZOS PARA FORMULAR RECLAMACIÓN.

Reserva de praza: Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro

Sorteo público anual do número de prioridade para resolver o desempate: Antes do 1 de marzo

Publicación vacantes: Antes do 1 de marzo

Presentación solicitude admisión: Do 1 ao 20 de marzo

Presentación documentación xustificativa: Do 21 marzo ao 5 abril

Publicación das listaxes provisionais de admitidos en non admitidos: O 25 de abril.

Prazo de reclamacións ante o consello escolar de 5 días hábiles, a partir do seguinte á publicación

Publicación das listaxes definitivas: O 15 de maio.

Prazo de reclamacións: Poderase presentar recurso de alzada ante o xefe territorial no prazo dun mes.

PRAZO PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA

Do 20 ao 30 de xuño.

CENTRO DE ADSCRICIÓN.

O noso centro está adscrito ao **IES Isaac Díaz Pardo de Sada**.

ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO E ÁREAS LIMÍTROFES.

A área de influencia é Mondego, Sada e o seu casco urbano, Carnoedo, Veigue e Meirás.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

-Comedor escolar.

Xestionado pola ANPA no curso 2024-25.

-Transporte escolar.

O centro conta con servizo de transporte escolar: 9 liñas de autobuses.

PROXECTO EDUCATIVO.

A admisión e a matriculación nun centro docente público implicarán respectar o proxecto educativo.

Unha copia do proxecto educativo do centro pódese consultar na páxina web:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippedrobarriedelamaza/node/664>

ACTIVIDADES ESCOLARES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Estas actividades teñen carácter voluntario e non lucrativo. Cando se realiza a oferta das mesmas detállase o seu custo.

-Actividades escolares complementarias.

Son saídas, visitas e participación en programas educativos que teñen lugar en horario lectivo e que se inclúen na Programación Xeral Anual.

-Actividades extraescolares.

Organizadas pola Anpa “Quintán” ou polo Concello de Sada. Estas actividades poden ter lugar nas instalacións do centro ou en instalacións exteriores. Inclúense na Programación Xeral Anual e ofértanse ás familias ao inicio de cada curso indicando o custo que implica a participación nas mesmas.

PODERÁN CONSULTAR NA APLICACIÓN ADMISIONALUMNADO

(<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>):

- a) O cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula.
- b) A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
- c) A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación.
- d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- e) A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).